



Plan de Acción Titorial

Grao en Bioloxía

Informe Final

Curso 2022-2023





Índice

1. INTRODUCCIÓN	5
2. ACTIVIDADES XERAIS DO PAT-ANEAE	7
3. RESULTADOS DO PAT-ANEAE DURANTE O CURSO 2022-23	9
3.1. PRIMEIRO CURSO DE GRAO	11
3.2. SEGUNDO CURSO DE GRAO	19
3.3. TERCEIRO CURSO DE GRAO	25
3.4. CUARTO CURSO DE GRAO	31
3.5. ESTADÍSTICAS GLOBAIS	39
4. AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PAT-ANEAE	43
a. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DE 1º DE GRAO	44
b. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DE 2º DE GRAO	45
c. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DE 3º DE GRAO	46
d. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE GRAO	47
e. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DOS TITORES	49
5. INFORME GLOBAL DO PAT-ANEAE E CONCLUSIÓN.	55
6. ANEXO I. PERFIL DO ALUMNADO DE NOVO INGRESO	57





1. INTRODUCCIÓN

No presente informe recóllense as actividades levadas a cabo durante o curso 2022-23 no Plan de Acción Titorial (PAT) do Grao en Bioloxía. Dende que se implantou o PAT coa primeira promoción de Grao en Bioloxía no curso 2009-10, séguese levando a cabo de maneira satisfactoria, mantendo o seu carácter voluntario en canto a participación do alumnado e do profesorado que actúan como tutores/as do PAT.

Seguindo o deseño establecido na memoria do PAT aprobada pola Xunta de Facultade de Bioloxía para este curso, leváronse a cabo diferentes accións programadas para cada nivel do grao, nas que se abordaron contidos diferenciais dependendo do momento do curso no que foron levadas a cabo as accións e do nivel dos estudos. De xeito xeral pódense definir os contidos das devanditas actividades como de tipo informativo e orientador, achegando información de interese para o alumnado, facendo un seguimento da planificación da súa actividade académica e do seu rendemento, e recibindo información acerca das inquietudes, problemas e/ou queixas que os alumnos desexaron formular sobre o discorrer das actividades académicas e extra-académicas ao longo do curso.

A actividade tutorial desenvolvida no Grao en Bioloxía centrouse na realización de reunións a nivel de grupo nas que participaron a maioría do alumnado do curso (reunións cos coordinadores de curso) ou ben pequenos grupos de alumnos (6-8 alumnos) cos seus respectivos tutores. En relación a esta última modalidade, o PAT do grao en Bioloxía inclúe a continuidade da acción tutorial de cada titor/a cun grupo definido de alumnos/as ao longo dos diferentes cursos da titulación, o que favorece a interacción entre alumnos/as-titor/a e a función deste último como orientador e guía dos estudantes, facilitando a súa maior participación e compromiso co proceso de aprendizaxe. Así mesmo, o titor mantén aberta a posibilidade de encontros individuais cos seus titorizados, sempre que o soliciten.

En relación co alumnado incluído no programa PIUNE neste curso tivemos trece estudantes aos que se lles prestou unha especial atención por parte da coordinadora do programa, que mantivo unha comunicación continua co Gabinete psicopedagóxico e coa área de diversidade (UNATEN). A coordinadora do programa informou en todo momento aos tutores do PAT e ao profesorado destes alumnos das súas necesidades.

Por último, a coordinación do PAT realizou unha función continua de planificación temporal das actividades, de forma que estas tivesen lugar no momento oportuno do curso e interferisen o menos posible coa actividade académica dos tutores e titorizados. A coordinación tamén



realizaron unha función de seguimento do PAT, recompilando informes das reunións, resolvendo dúbidas e promovendo accións de mellora, tanto da actividade docente coma do propio modelo do PAT, sobre a base da información presentada nas devanditas evidencias. Na plataforma informática (BioPAT), tanto os coordinadores de curso, como os titores dispuxeron de toda a información relativa ao PAT, enviaron os informes, convocaron ós alumnos, etc. Así mesmo, as coordinadoras do PAT puideron acceder a toda a información que achegaron os titores e xestionala dunha forma práctica e eficaz.



2. ACTIVIDADES XERAIS DO PAT-ANEAE

As liñas de actuación do PAT nos catro cursos do grao trataron de responder ás necesidades do alumnado da titulación, diferentes segundo o seu nivel de avance nos estudos. Ao longo do curso 2022-23 as actividades levadas a cabo pódense clasificar en tres tipos básicos:

Accións de Organización.

Sesións informativas encamiñadas a presentar aos titores e coordinadores de curso os contidos e o desenvolvemento das actividades previstas no PAT. Este tipo de accións lévanas a cabo os coordinadores do PAT que se reúnen a principio de curso cos titores e o coordinador de cada un dos cursos do grao nos que se implanta o PAT, achegándolles a información necesaria. Tras cada sesión programada os coordinadores revisan todas as evidencias achegadas polos titores, o que permite verificar a realización das reunións, obter información acerca das problemáticas que afectan aos alumnos de xeito xeneralizado, tanto de índole académico como extra-académico. Esta información serve para promover accións de resolución dos devanditos problemas trasladándoas aos coordinadores de curso ou ben aos responsables académicos. Ao final do curso os coordinadores realizan unha análise global dos informes recollidos durante todo o período académico e dos resultados das enquisas de avaliación do PAT, o que permite analizar o funcionamento do plan actual e establecer melloras de cara ao seguinte curso.

Accións de Acollida.

Ao inicio do curso o equipo decanal e os coordinadores de cada curso realizaron reunións co total dos alumnos, nas que achegaron información sobre distintos aspectos do ámbito universitario (servizos administrativos e de apoio, deportes, etc.), do centro (aulas, laboratorios, salas de informática, biblioteca, secretaría de alumnos, decanato, normativas do centro, etc.), así como da titulación (plan de estudos, guías docentes, horarios, participación dos alumnos na xestión do centro, etc.). Así mesmo, ofreceuse información concreta sobre os aspectos organizativos do PAT.

Xa no segundo semestre, normalmente, os coordinadores de curso fan unha sesión de seguimento do rendemento dos alumnos, e lles asesoraron sobre a planificación do semestre e intercambian ideas e reflexións sobre aspectos que preocupan ou interesan aos alumnos. Ao final de curso o coordinador intercambia cos alumnos impresións sobre os resultados e supervisa a realización das enquisas de satisfacción do PAT.



Accións de Apoio á Formación.

Trátase de reunións que leva a cabo o profesor-titor co grupo de alumnos que titoriza ou ben de forma individual sempre que o alumno ou o profesor así o acorden. Distribúense ao longo do curso abordando diferentes aspectos que responden, por un lado, á propia actividade académica e por outro, ás dificultades que van xurdindo en relación coa devandita actividade. Tras as avaliacións do semestre, o titor fai fincapé no rendemento académico dos seus titorizados e trata de achegar solucións aos problemas detectados, orientando na toma de decisións cara á mellora do proceso formativo. Ao final do curso, o titor trata de orientar na preparación de materias non superadas ou en calquera outra cuestión de interese do alumno para facilitar que poida planificar axeitadamente o seguinte curso. As actividades de apoio a la formación constitúen las acciones centrais del PAT.

Ao final de cada reunión os titores achegaron informes que recollían os aspectos principais tratados cos alumnos e os problemas que eles expuxeron. Esta información foi revisada polos coordinadores do PAT co fin de facer un seguimento continuo de cada curso e promover accións de mellora.

Accións de Orientación Profesional.

Este bloque tivo como destinatarios principais os alumnos de cuarto de grao. Co fin de asesoralos ante as novas situacións á que deben enfrontarse unha vez finalizado o curso, organizáronse distintos talleres en colaboración coa FUVI da Universidade de Vigo sobre orientación laboral, estratexias de busca de emprego e competencias. Para esta actividade, estaban programados 3 talleres, que foron levados a cabo os días 6, 13 e 20 de marzo. Así mesmo, normalmente se realizan unhas xornadas en colaboración co COBGA e algúns dos nosos egresados. Estas actividades foron levadas a cabo o 4 de maio (COBGA) e o día 10 de maio cos nosos egresados onde se impartiron charlas sobre a traxectoria profesional en catro campos da bioloxía (investigación, traballo en empresa, docencia e BIR). Así mesmo, neste curso incluíuse unha visita á Misión Biolóxica de Galicia onde os estudantes visitaron as instalacións e foron informados de todas liñas de investigación que se levan a cabo neste centro. Tamén e como en anos anteriores foi ofertado o curso “online” da biblioteca para preparar o TFG. As accións de orientación laboral incluíron tamén a presentación da oferta formativa de mestrados da facultade levada a cabo o día 20 de abril. Si ben, e como se indicou anteriormente estas actividades foron levadas a cabo para o alumnado de 4º de grao, o



alumnado de 1º participou nun curso online da biblioteca de como encontrar información e como citar nos traballos.

Ademais das accións indicadas previamente o PAT do grao en Bioloxía mantivo aberta de forma continua a posibilidade de levar a cabo accións de Atención á Diversidade.

3. RESULTADOS DO PAT-ANEA E DURANTE O CURSO 2022-23

Nos seguintes apartados preséntanse dun xeito detallado os seguintes aspectos desenvolvidos durante o curso 2022-23 no PAT do Grao en Bioloxía para cada un dos cursos que compoñen a titulación:

- Listado de actividades (organización, acollida e coordinación e apoio á formación) desenvolvidas ao longo do curso, os contidos tratados e as datas nas que tiveron lugar as devanditas actividades. Listado de profesores que exerceron como tutores en cada curso.
- Conformación dos grupos de alumnos asignados aos distintos tutores en cada curso.
- Breve informe dos resultados das reunións tutoriais de cada curso.
- Estatística de participación dos alumnos nas sesións do PAT en cada un dos cursos.
- Estatística de participación global das diferentes promocións.
- Breve informe global dos resultados do PAT na titulación durante o curso 2022-23.
- Enquisas de satisfacción co PAT do alumno.
- Enquisa de satisfacción co PAT dos tutores/as de 4º de Grao.





3.1. Resultados PAT-ANEAE

1^{er} CURSO DE GRAO





ACTIVIDADES DE TITORÍA DESENVOLVIDAS EN 1º

Ao longo do curso 2022-23, leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

➤ Actividades de coordinación e acollida.

Ademais do acto de Benvida, levado a cabo pola Decana o 6 de setembro, estaban programadas tres reunións da coordinadora de curso (9 de setembro, 30 de xaneiro e 24 de maio) co alumnado tratando os contidos especificados na memoria do PAT.

➤ Actividades cos titores.

Foron levadas a cabo as seis reunións programadas ao longo do curso (28 setembro, 28 de outubro, 12 decembro, 30 de xaneiro, 15 de marzo e 14 xuño). A participación media dos alumnos nas 6 reunións foi do 59,2 %.

Actividades de Organización

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinadores/as do PAT	<i>1.- Presentación do PAT</i>	- Designación de Titores. - Presentación do PAT a Titores. - Calendario de actividades. - Asignación Titores-Alumnos.	Grupal	Inicio do curso
Coordinadores/as do PAT	<i>2.- Seguimento continuo do PAT</i>	- Recollida de evidencias. - Asesoramento e apoio as titorías. - Seguimento das actividades do PAT. - Resolver dificultades.	Grupal	Todo o curso
Coordinadores/as e Titores/as	<i>3.- Análise e avaliación final do PAT</i>	- Cuestionarios de satisfacción do alumnado. - Cuestionarios de satisfacción de Titores - Análise das evidencias de seguimento. - Análise de dificultades. - Elaboración da memoria final.	Grupal	Final do curso



Actividades de Acolida e Coordinación

No curso 2022-2023 celebrouse a Semana Cero para o alumnado de 1º de grao, como ben sendo habitual. As actividades foron levadas a cabo ao longo dos días 6, 7, 8 e 9 de setembro nos que o equipo decanal, a coordinadora de primeiro e persoal de distintas áreas da universidade, levaron a cabo distintas sesións que incluíron información sobre distintos aspectos do ámbito universitario (servizos administrativos, de apoio, deportes, igualdade, etc.), do centro (aulas, laboratorios, salas de informática, biblioteca, secretaría de alumnos, decanato, normativas, delegación de alumnos, etc.), así como da titulación (plan de estudos, guías docentes, competencias, horarios, participación do alumnado na xestión do centro, enquisas, etc.). Así mesmo, ofreceuse información concreta sobre os aspectos organizativos e os recursos humanos e materiais do PAT. Na seguinte táboa detállanse as actividades levadas a cabo na Semana Cero.

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Decano/a	<i>1.- Acto de Benvida e presentación do Grao</i>	- Información xeral sobre a universidade, o centro e a titulación.	Grupal	6 setembro (10:00 h)
Coordinadores/as do PAT	<i>2.- Plan de Acción Tutorial (PAT) e Enquisas</i>	- Presentación ao alumnado do PAT-ANEAE. - Vantaxes de participar en dito plan. - Información das enquisas que se celebraran ao longo do curso e a súa importancia.	Grupal	7 setembro (11:00 h)
Responsable Servizo Deportes	<i>3.- Presentación do Servizo</i>	- Coñecendo o área de benestar, saúde e deporte.	Grupal	8 setembro (12:45 h)
Representante da delegación de alumnos	<i>3.- Presentación da Delegación de Alumnos de Biología</i>	- Presentación por parte dun membro da delegación de alumnos de esta asociación.	Grupal	8 setembro (12:15 h)
Equipo Decanal	<i>4.- Guías docentes e competencias</i>	- Explicar aos alumnos as guías docentes e a súa importancia. - Informar aos alumnos sobre as competencias da titulación.	Grupal	7 setembro (10:00 h)
Técnica da Área de Igualdade	<i>5.- Presentación Unidade de Igualdade</i>	- Información sobre os programas de mobilidade.	Grupal	6 setembro (12:00 h)
Vicerreitora Diversidade	<i>6.- Presentación da Atención á Diversidade</i>	- O alumnado será informado sobre o funcionamento do programa PIUNE	Grupal	6 setembro (12:45 h)
Coordinador/a de curso	<i>7.- Sesión informativa de acolida</i>	- Presentación do coordinador de curso. - Información sobre servizos ao Alumnado (apoio a estudantes, FUVI, OFOE, SIOPE, ORI, deportes, bolsas), etc. - Organización do curso: cuadrimestres, materias, horarios, avaliacións... - Presentación das Tutorías. - Cuestionarios iniciais cos datos dos alumnos.	Grupal	10 setembro (10:00 h)
Coordinador/a de curso	<i>8.- Sesión de seguimento</i>	- Seguimento da actividade tutorial. - Presentación e asesoramento para a planificación (materias, horarios, etc) do segundo cuadrimestre. - Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	30 xaneiro (11:30 h)
Coordinador/a de curso	<i>9.- Sesión final e avaliación do PAT-ANEAE</i>	- Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade académica e tutorial. - Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.	Grupal	24 maio (10:00 h)

Actividades de Apoio á Formación (Titorías)

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Biblioteca UVigo	<i>Sesión de acollida da biblioteca</i>	- Presentación ao alumnado da biblioteca. Normas de funcionamento.	Grupal	8 de setembro (10:00 h)
Titor/a de alumnos/as*	<i>1.- Reunión Sesión de Presentación e Planificación</i>	- Presentación do Titor/a e do Alumnado. - Información das titorías e o seu desenvolvemento. - Asesoramento cara a planificación das actividades do semestre (cronograma de actividades presenciais e non presenciais, guías docentes, sistemas de avaliación, convocatorias, etc.). - Ofrecemento de posibles reunións individuais se algún alumno o solicita. - Outros asuntos de interese para o alumno.	Grupal	23 setembro (11:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>2.- Reunión Sesión de Seguimento</i>	- Valorar a planificación (cronograma) de actividades das materias. - Asegurar que o alumnado coñece as guías docentes, traballos non presenciais, sistemas de avaliación, etc. - Reflexión sobre o enfoque e as dificultades do traballo (asistencia a clase, traballo non presencial, traballo en equipo, estudo continuo...).	Grupal	28 outubro (11:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>3.- Reunión Sesión de Seguimento</i>	- Asesorar na planificación e organización temporal do estudo cara os exames. - Detectar posibles dificultades de adaptación o curso ou de seguimento das materias. - Reflexións sobre motivación, inseguridade, expectativas, etc.	Grupal	12 decembro (12:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>4.- Reunión Sesión de Seguimento e Planificación</i>	- Análise do rendemento académico e dificultades atopadas - Asesoramento cara a planificación das actividades académicas do semestre.	Grupal	30 xaneiro (12:30 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>5.- Reunión Sesión de Seguimento</i>	- Seguimento da planificación das actividades do semestre. Detección de problemas. - Reflexión sobre o enfoque e as dificultades do traballo (asistencia a clase, traballo non presencial, traballo en equipo, estudo continuo...).	Grupal	15 marzo (13:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>6.- Reunión Sesión final de curso</i>	- Análise da situación ao finalizar o curso: rendemento académico e dificultades atopadas. - Preparación para convocatoria de xullo (si procede). - Reflexións cara o seguinte curso e expectativas.	Grupal	14 xuño (11:00 h)

LISTADO DE TITORES/AS DE 1º DE GRAO

ESTHER BARREAL MODROÑO

MARÍA GÓMEZ BRANDÓN

ANTONIO CARVAJAL RODRÍGUEZ

SALUSTIANO MATO DE LA IGLESIA

MARTA CONDE SIEIRA

BENEDICTO SOTO GONZÁLEZ

JOSEFINA GARRIDO GONZÁLEZ

ANA ULLA MIGUEL



LISTADOS DE ALUMNADO DE 1º DE GRAO

Todos o alumnado matriculado en primeiro curso do grao dispuxo dun titor no PAT. A principio de curso elaborouse un listado de alumnos distribuídos en grupos tutoriais e asignouse un titor a cada un dos grupos. Como norma do PAT de Bioloxía, os titores asignados en primeiro curso seguirán cos seus alumnos nos sucesivos cursos do grao, salvo que haxa unha solicitude expresa do titor ou dalgún alumno en sentido contrario. Aos titores de primeiro curso entregóuselles na primeira reunión un resumo con información sobre o perfil do alumnado de novo ingreso que inclúe porcentaxe de homes e mulleres matriculadas, procedencia do alumnado, notas de entrada, forma de sufragar os estudos, dominio de idiomas, materias cursadas polos alumnos de bacharelato que están relacionadas coa bioloxía, habilidades de traballo e persoais, así como a porcentaxe de alumnos que elixiron bioloxía como primeira opción. Dita información se inclúe no Anexo I.

BREVE INFORME DAS REUNIONES TITORIAIS


A xeito de resumo xeral especificanse os comentarios máis relevantes que os titores fixeron chegar nos seus informes tras as reunións cos alumnos:

1. Non houbo problemas de planificación do curso. Os titores sinalan que os estudantes en xeral mostraron un bo nivel de satisfacción sobre o desenvolvemento do curso e tamén co profesorado.
2. O resto dos comentarios realizados polos alumnos céntranse en distintos aspectos das materias do curso. Moitos destes comentarios son puntuais e foron realizados por un número reducido de estudantes en cada caso aos seus titores correspondentes.



ESTADÍSTICAS DE PARTICIPACION (1º GRAO)

- N° de alumnos titorizados: 79
- N° de reunións coa coordinadora de curso: 3
- N° de titores: 8
- N° de sesións titoriais (reunión titor:alumno): 6



Participación (%) de alumnos nas reunións titoriais de 1º de Grao e media do curso.





3.2. Resultados PAT-ANEAE

2º CURSO DE GRAO





ACTIVIDADES DE TITORÍA DESENVOLVIDAS EN 2º

Ao longo do curso 2022-23 leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

➤ Actividades de acollida e coordinación.

Realizáronse tres reunións grupais do coordinador de curso cos alumnos de 2º (5 setembro, 30 xaneiro, 12 maio) tratando os contidos especificados na memoria do PAT.

➤ Actividades cos titores.

Leváronse a cabo de forma presencial as catro reunións programadas (28 setembro, 28 novembro, 17 febreiro, 12 maio) ao longo do curso. Os titores presentaron os correspondentes informes. A participación do alumnado foi do 52,5 % como media das reunións.

Actividades de Organización

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinadores/as do PAT	<i>1.- Presentación do PAT</i>	<ul style="list-style-type: none">- Designación de Titores.- Presentación do PAT a Titores.- Calendario de actividades.- Asignación Titores-Alumnos.	Grupal	Inicio do curso
Coordinadores/as do PAT	<i>2.- Seguimento continuo do PAT</i>	<ul style="list-style-type: none">- Recollida de evidencias.- Asesoramento e apoio as titorías.- Seguimento das actividades do PAT.- Resolver dificultades.	Grupal	Todo o curso
Coordinadores/as e Titores/as	<i>3.- Análise e avaliación final do PAT</i>	<ul style="list-style-type: none">- Cuestionarios de satisfacción do alumnado.- Análise das evidencias de seguimento.- Análise de dificultades.- Elaboración da memoria final.	Grupal	Final do curso



Actividades de Acolida e Coordinación

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinador/a de curso	<i>1.- Sesión informativa de acollida</i>	<ul style="list-style-type: none">- Presentación do/a coordinador/a de curso.- Organización do curso: semestres, materias, horarios, guías docentes, avaliacións, enquisas...- Presentación das Titorías.- Recollida de datos relevantes do alumnado (datos de contacto, matrícula, resultados académicos, etc.).	Grupal	5 setembro (10:00 h)
Coordinador/a de curso	<i>2.- Sesión de seguimento</i>	<ul style="list-style-type: none">- Seguimento da actividade tutorial.- Presentación e asesoramento para a planificación (materias, horarios, etc) do segundo semestre.- Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	30 xaneiro (10:00 h)
Coordinador/a de curso	<i>3.- Sesión final e avaliación do PAT-ANEAE</i>	<ul style="list-style-type: none">- Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade académica e tutorial.- Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.	Grupal	12 maio (10:00 h)

Actividades de Apoio á Formación (Titorías)

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Titor/a de alumnos/as*	<i>1.- Reunión Sesión de Presentación e Planificación</i>	<ul style="list-style-type: none">- Presentación e información das titorías.- Asesoramento na planificación das actividades do semestre (cronograma de actividades presenciais e non presenciais, guías docentes, sistemas de avaliación, convocatorias, etc.).- Reflexións sobre a dificultade do curso e cómo afrontalo en función de experiencia do curso anterior.- Ofrecemento de posibles reunións individuais se algún alumno o solicita.	Grupal	23 setembro (12:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>2.- Reunión Sesión de Seguimento</i>	<ul style="list-style-type: none">- Asesorar na planificación e organización temporal do estudio cara os exames.- Detectar posibles dificultades de adaptación o curso e de seguimento das materias.	Grupal	28 novembro (10:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>3.- Reunión Sesión de Seguimento e Planificación</i>	<ul style="list-style-type: none">- Análise do rendemento académico e dificultades atopadas.- Asesoramento cara a planificación das actividades académicas do semestre.	Grupal	17 febreiro (11:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>4.- Reunión Sesión final de curso</i>	<ul style="list-style-type: none">- Análise da situación ao finalizar o curso: rendemento académico e dificultades atopadas.- Preparación para convocatoria de xullo (si procede).- Reflexións cara o seguinte curso e expectativas.	Grupal	12 maio (11:00 h)



LISTADO DE TITORES DE 2º DE GRAO

ARMANDO CABALLERO RÚA

MANUEL MEGIAS PACHECO

EMMA FERNÁNDEZ COVELO

JUAN JOSE PASANTES LUDEÑA

EMILIO GIL MARTÍN

NURIA PEDROL BONJOCH

RAÚL IGLESIAS BLANCO

MANUEL ÁNGEL POMBAL DIEGO

M^a FUENCISLA MARIÑO CALLEJO

LISTADO DE ALUMNADO DE 2º DE GRAO

O listado de alumnos e a súa distribución nos grupos tutoriais revísase a principios de curso cando se dispón dos listados de matriculación. Como norma do PAT de Bioloxía, os tutores de segundo curso seguirán cos alumnos que xa estaban titorizando, salvo que haxa unha solicitude expresa do titor ou dalgún alumno en sentido contrario. No caso de que se lles adxudiquen outros alumnos debido a reorganización de tutores ou grupos, facilítaselles a información pertinente ao inicio de curso.

BREVE INFORME DAS REUNIÓN TITORIAIS

A xeito de resumo xeral especificanse os comentarios máis relevantes que os tutores fixeron chegar nos seus informes tras as reunións cos alumnos:

1. Os alumnos en xeral quedaron satisfeitos coas materias dos dous cuatrimestres, aínda que indican una maior dificultade de este curso con respecto ó anterior debido á densidade das materias do segundo curso e en particular do 1º cuatrimestre. En xeral, valoraron dunha forma moi positiva a planificación dos dous semestres no que se refire principalmente á docencia práctica.
2. O resto dos comentarios realizados polos alumnos centráronse en distintos aspectos das materias do curso. Moitos destes comentarios son puntuais e foron feitos por un número reducido de alumnos en cada caso aos seus tutores.




En xeral, os estudantes sinalaron que en algunha materia existía demasiada carga de traballo, e falta de probas parciais en outras.

A maior parte desta problemática foi tratada polas coordinadoras do PAT e a coordinadora do grao, co coordinador de curso e/ou en reunións de coordinación co profesorado das materias do curso. No caso dos problemas específicos con algunha materia, foron tratados e resoltos dun xeito particular co coordinador da mesma.

ESTADÍSTICAS DE PARTICIPACION (2º de GRAO)

- Nº de alumnos titorizados: 72
- Nº de reunións co coordinador de curso: 3
- Nº de titores: 9
- Nº de sesións titoriais (reunión titor:alumno): 4



Participación (%) de alumnos nas reunións titoriais de 2º de Grao e media do curso.



3.3. Resultados PAT-ANEAE

3^{er} CURSO DE GRAO





ACTIVIDADES DE TITORÍA DESENVOLVIDAS EN 3º

Ao longo do curso 2022-2023, leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

➤ Actividades de acollida e coordinación.

Realizáronse tres reunións grupais do coordinador de curso cos alumnos de 3º (5 setembro, 30 xaneiro, 5 maio) tratando os contidos especificados na memoria do PAT.

➤ Actividades con los titores.

Leváronse a cabo de forma presencial as catro reunións programadas (16 setembro, 15 novembro, 30 xaneiro, 5 maio) ao longo do curso. Os titores presentaron os correspondentes informes. A participación do alumnado foi do 51,3 % como media das reunións.

Actividades de Organización

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinadores/as do PAT	<i>1.- Presentación do PAT-ANEAE</i>	<ul style="list-style-type: none">- Designación de Titores.- Presentación do PAT a Titores.- Calendario de actividades.- Asignación Titores-Alumnos.	Grupal	Inicio do curso
Coordinadores/as do PAT	<i>2.- Seguimento continuo do PAT-ANEAE</i>	<ul style="list-style-type: none">- Recollida de evidencias.- Asesoramento e apoio as titorías.- Seguimento das actividades do PAT.- Resolver dificultades.	Grupal	Todo o curso
Coordinadores/as e Titores/as	<i>3.- Análise e avaliación final do PAT-ANEAE</i>	<ul style="list-style-type: none">- Cuestionarios de satisfacción do alumnado.- Análise das evidencias de seguimento.- Análise de dificultades.- Elaboración da memoria final.	Grupal	Final do curso

Actividades de Acolida e Coordinación

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Decano/a	<i>Sesión de presentación de seguinte curso</i>	- Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	3 febreiro (12:00 h)
Coordinador/a de curso	<i>1.- Sesión informativa de acollida</i>	- Presentación do/a coordinador/a de curso. - Organización do curso: semestres, materias, horarios, guías docentes, avaliacións, enquisas... - Presentación das Tutorías. - Recollida de datos relevantes do alumnado (datos de contacto, matrícula, resultados académicos, etc.).	Grupal	5 setembro (10:00 h)
Coordinador/a de curso	<i>2.- Sesión de seguimento</i>	- Seguimento da actividade tutorial. - Presentación e asesoramento para a planificación (materias, horarios, etc) do segundo semestre. - Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	30 xaneiro (9:30 h)
Coordinador/a de curso	<i>3.- Sesión final e avaliación do PAT-ANEAE</i>	- Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade académica e tutorial. - Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.	Grupal	5 maio (12:00 h)

Actividades de Apoio á Formación (Tutorías)

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Titor/a de alumnos/as*	<i>1.- Reunión Sesión de Presentación e Planificación</i>	- Presentación e información das tutorías. - Asesoramento na planificación das actividades do semestre (cronograma de actividades presenciais e non presenciais, guías docentes, sistemas de avaliación, convocatorias, etc.). - Reflexións sobre a dificultade do curso e cómo afrontalo en función de experiencia do curso anterior. - Ofrecemento de posibles reunións individuais se algún alumno o solicita.	Grupal	16 setembro (12:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>2.- Reunión Sesión de Seguimento</i>	- Asesorar na planificación e organización temporal do estudo cara os exames. - Detectar posibles dificultades de adaptación o curso e de seguimento das materias.	Grupal	15 novembro (13:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>3.- Reunión Sesión de Seguimento e Planificación</i>	- Análise do rendemento académico e dificultades atopadas. - Asesoramento cara a planificación das actividades académicas do semestre.	Grupal	30 xaneiro (13:00 h)
Titor/a de alumnos/as	<i>4.- Reunión Sesión final de curso</i>	- Análise da situación ao finalizar o curso: rendemento académico e dificultades atopadas. - Preparación para convocatoria de xullo (si procede). - Reflexións cara o seguinte curso e expectativas.	Grupal	5 maio (13:00 h)



LISTADO DE TITORES DE 3º DE GRAO

CARLOS CANCHAYA SÁNCHEZ

HUMBERTO QUESADA RODRÍGUEZ

SUSANA MAGADÁN MOMPÓ

CARMEN SIEIRO VÁZQUEZ

CASTOR MUÑOZ SOBRINO

ROSANA SIMÓN VÁZQUEZ

ISABEL PARDO GAMUNDI

DIANA VALVERDE PÉREZ

LISTADO DE ALUMNADO DE 3º DE GRAO

O listado de alumnos e a súa distribución nos grupos tutoriais revísase a principios de curso cando se dispón dos listados de matriculación. Como norma do PAT de Bioloxía, os tutores de terceiro curso seguirán cos alumnos que xa viñan titorizando, salvo que houbera unha solicitude expresa do titor ou dalgún alumno en sentido contrario. No caso de que se lles adxudiquen outros alumnos debido a reorganización de tutores ou grupos, se lles facilita a información pertinente ao inicio de curso.

BREVE INFORME DAS REUNÓNS TITORIAIS


A xeito de resumo xeral especificanse os comentarios máis relevantes que os tutores fixeron chegar nos seus informes tras as reunións cos alumnos:

1. Os alumnos indican que este curso foi moi extenso e con moito traballo. Ao igual que o resto do alumnado do grao, os alumnos de 3º mostraron a súa satisfacción pola planificación das actividades docentes.
2. O resto dos comentarios realizados polos alumnos centráronse en distintos aspectos das materias do curso. Nalgúns casos afectaron de forma xeral a todos os alumnos e noutros, foron puntuais e comentados por un número reducido de alumnos en cada caso aos seus tutores.



ESTADÍSTICAS DE PARTICIPACION 3º GRAO

- N° de alumnos titorizados: 71
- N° de reunións co coordinador de curso: 3
- N° de titores: 8
- N° de sesións titoriais (reunión titor:alumno): 4



Participación (%) de alumnos nas reunións titoriais de 3º de Grao e media do curso.



3.4. Resultados PAT-ANEAE

4º CURSO DE GRAO



ACTIVIDADES DE TUTORÍA DESENVOLVIDAS EN 4º

Ao longo do curso 2022-23, leváronse a cabo as seguintes actividades do PAT:

- **Actividades de acollida e coordinación.**

Realizáronse tres reunións grupais da coordinadora de curso cos alumnos de 4º (5 setembro, 30 xaneiro, 8 maio) tratando os contidos especificados na memoria do PAT.

- **Actividades con los tutores.**

Leváronse a cabo de forma presencial as tres reunións programadas (23 setembro, 30 xaneiro, 4 maio) ao longo do curso. Os tutores presentaron os correspondentes informes. A participación do alumnado foi do 43 % como media das reunións.

- **Actividades de apoio a formación e de orientación profesional.**

Ao longo do curso realizáronse tres talleres sobre orientación profesional: un sobre competencias chave para a procura de emprego (6 de marzo de 2023), outro sobre preparación de CV, cartas de presentación e como buscar emprego (13 de marzo de 2023) e outro sobre saídas profesionais (20 de marzo de 2023) organizados polas coordinadoras do PAT e coa colaboración da FUVI.

A xornada formativa en colaboración co COBGA sobre as actividades profesionais dos biólogos foi levada a cabo o 4 de maio así como as charlas sobre as experiencias dos nosos egresados que se levaron a cabo o 10 de maio de 2023. A visita ao centro da Misión Biolóxica tivo lugar o 12 de xuño.

Para completar estas actividades levouse a cabo unha presentación dos mestrados ofertados pola Facultade de Bioloxía o día 28 de abril.

Durante este curso tamén se lles ofertou de novo, ao alumnado un curso online organizado pola biblioteca sobre “Como afrontar o teu TFG”, aberto durante o 2º cuatrimestre.



Actividades de Organización

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinadores/as do PAT	<i>1.- Presentación do PAT-ANEAE</i>	<ul style="list-style-type: none">- Designación de Tutores.- Presentación do PAT a Tutores.- Calendario de actividades.- Asignación Tutores-Alumnos.	Grupal	Inicio do curso
Coordinadores/as do PAT	<i>2.- Seguimento continuo do PAT-ANEAE</i>	<ul style="list-style-type: none">- Recollida de evidencias.- Asesoramento e apoio as titorías.- Seguimento das actividades do PAT.- Resolver dificultades.	Grupal	Todo o curso
Coordinadores/as e Tutores/as	<i>3.- Análise e avaliación final do PAT-ANEAE</i>	<ul style="list-style-type: none">- Cuestionarios de satisfacción do alumnado.- Análise das evidencias de seguimento.- Análise de dificultades.- Elaboración da memoria final.	Grupal	Final do curso

Actividades de Acolida e Coordinación

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Coordinador/a de curso	<i>1.- Sesión informativa de acollida</i>	<ul style="list-style-type: none">- Presentación do/a coordinador/a de curso.- Organización do curso: semestres, materias, horarios, guías docentes...- Presentación das Titorías.- Recollida de datos relevantes do alumnado (datos de contacto, resultados académicos, etc.).	Grupal	5 setembro (9:00 h)
Coordinador/a de curso	<i>2.- Sesión de seguimento</i>	<ul style="list-style-type: none">- Seguimento da actividade titorial.- Presentación e asesoramento para a planificación (materias, horarios, etc.) do segundo semestre.- Intercambio de ideas e reflexións sobre aspectos de interese.	Grupal	30 xaneiro (10:00 h)
Coordinador/a de curso	<i>3.- Sesión final e avaliación do PAT-ANEAE</i>	<ul style="list-style-type: none">- Intercambio de ideas e debate de resultados da actividade académica e titorial.- Enquisas de satisfacción do alumnado sobre o PAT.	Grupal	3 maio (10:00 h)

Actividades de Apoio á Formación (Titorías)

RESPONSABLE	ACTIVIDADES	CONTIDOS	TIPO	DATA
Titor/a de alumnos/as**	1.- Reunión <i>Sesión de Presentación e Planificación</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Presentación e información das titorías. - Asesoramento na planificación das actividades do semestre (cronograma de actividades presenciais e non presenciais, guías docentes, sistemas de avaliación, convocatorias, etc). - Reflexións sobre a dificultade do curso e cómo afrontalo en función de experiencia do curso anterior. - Ofrecemento de posibles reunións individuais se algún alumno o solicita. 	Grupal	23 setembro (13:00 h)
